TERESA RIVAS

Investigadora en CINTECX

"Deberiamos eliminar os estereotipos nas disciplinas STEM para que calquera persoa poida desenvolverse profesionalmente sen importar o seu xénero."



Lidero un equipo que investiga sobre a conservación de materiais do patrimonio cultural, como rochas e pinturas. Estudamos como se deterioran e buscamos tecnoloxías sostibles para protexelos.

A miña paixón pola investigación xurde da miña curiosidade por descubrir novas cousas. A vida permitiume traballar no que máis me gusta: a investigación.

A investigación en conservación require diversas disciplinas. Traballar con persoas de múltiples campos que achegan visións diferentes dos problemas e perspectivas distintas de resolución enriquece o meu carácter e o meu traballo.

O patrimonio cultural é a nosa herdanza do pasado, que nos axuda a entender quen somos e debería axudarnos a ser mellores. O noso traballo contribúe á conservación e transmisión dese legado.

Animo ás mozas a estudar STEM xa que é moi ilusionante buscar explicacións ás preguntas e solucions aos problemas.